

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA EN SERANTES

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para actuacións de mellora en Serantes.

Exposición de motivos

A zona rural é recoñecida por toda a corporación, a través de diferentes mocións, declaracións públicas e aprobación de diferentes plans, como a damnificada no desenvolvemento da cidade, en infraestruturas e transportes, en servizos de proximidade e igualdade social, sendo unha realidade o dito de que existe unha cidadanía de segunda e de primeira dentro de Ferrol, no tocante a investimento público e dereitos.

Serantes é unha das parroquias máis populosas da cidade, aos seus preto de 4.000 habitantes súmase o núcleo universitario e deportivo, o centro de saúde e o acceso viario máis importante ás praias de Ferrol, que implica un tránsito importante de tráfico rodado e peonil.

Nos últimos anos o esforzo modernizador e axeitado a unha mobilidade sostible avanzou no sentido administrativo, pero non tanto na realidade palpable de obras rematadas. É unha demanda veciñal de hai anos o desenvolvemento das beirarrúas de Serantes – A Cabana, punto negro en canto a seguridade viaria no noso concello, pero tamén o acceso dende a Universidade á Avenida de Grandal, xa en obra nunha primeira fase pero sen desenvolver o proxecto do segundo tramo, así como, xa aprobada neste Pleno a ampliación do local veciñal e do parque infantil colindante.

É por iso que Ferrol en Común insta a aprobación polo Pleno da corporación do Concello de Ferrol dos seguintes puntos que virían a dar resposta a algunhas das necesidades que reclama a veciñanza de Serantes:

1.- A interlocución inmediata coa Deputación da Coruña para o establecemento dunha reunión cos representantes veciñais con datas certas para o desenvolvemento da fase 2 das beirarrúas de Serantes – A Cabana, así como en que estado se atopa o proxecto da terceira fase.

2.- A inclusión no orzamento municipal dunha partida destinada a implementar a segunda fase das beirarrúas dende a Igrexa Parroquial ata a Avenida de Grandal.

3.- A inclusión no orzamento municipal dunha partida destinada á planificación e desenvolvemento de beirarrúas na Estrada da Malata, no tramo que

comprende dende o campo de adestramento do Racing de Ferrol ata a Avenida 19 de febreiro.

3.- Dar cumprimento ao acordo plenario de ampliación do local veciñal, así como o proxecto de ampliación do parque infantil colindante.

4.- Mellorar a seguridade viaria no cruce da Avenida 19 de febreiro, instando á Deputación Provincial a tomar medidas en forma de sinalización luminosa e modificación do aglomerado co fin de reducir a siniestralidade.

5.- Dotar dun aparcamento que atenda o volume de vehículos que se concentran debido á asistencia ao centro de saúde, a universidade, a escola náutico pesqueira, as 108 vivendas sindicais e o campo de fútbol de Aneiros.

Ferrol, 22 de febreiro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común